



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 5 DE

AGOSTO DE 2013

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día cinco de agosto de dous mil trece, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Non asisten e presentan escusa dona Maria Jesús González Roel e dona Marta Maria Vázquez Golpe.

Intervén, como secretaria accidental, dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 29 de xullo de 2013

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asisten á sesión, acordou deixar o borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 29 de xullo de 2013 sobre a mesa para a súa aprobación na vindeira sesión.

2º.- Correspondencia

Non se tratou este punto da orde do día.

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación

Don Felipe Andreu Barallobre informa sobre o expediente do POS 2013 e manifesta que a enxeñeira técnica municipal está pendente de enviar o informe de solvencia técnica das empresas.

A continuación, tamén informa que houbo incidencias na presentación da documentación respecto das orquestras, pero que se contratarán igualmente.

Tamén informa que o martes se reúne a mesa de valoración respecto do expediente "Implantación da plataforma de administración electrónica AL SIGM no Concello de Cambre" e logo propón que se reúna a mesa de contratación conxunta para este asunto e para o expediente "Aforro enerxético mediante implantación do sistema de apagamento selectivo de puntos de luz nos ámbitos non urbanos do Concello de Cambre".

Para rematar a súa intervención, don Felipe Andreu Barallobre dá conta dunha providencia da súa concellería de data 22 de xullo de 2013, respecto da redistribución de determinados postos de traballos, e que literalmente di:

"Primeiro: Asignar as tarefas de auxiliar de rexistro xeral na Casa das Palmeiras e nas oficinas administrativas municipais da Barcala a don Roberto Antonio Naveira Filgueiras a partir do próximo 5 de agosto de 2013 e hasta nova orde.

Segundo: Asignar as tarefas de rexistro auxiliar na casa consistorial a dona M^a del Mar de Juan Sánchez a partir do próximo 5 de agosto de 2013.

Terceiro: Adscribir de forma provisional e ata a definitiva modificación da relación de postos de traballo a dona María Victoria Doval García ao departamento de contratación, segundo o disposto na resolución de 19 de xullo antedita a partir do próximo 19 de agosto de 2013. As tarefas do seu posto de traballo serán determinadas pola responsable do departamento de contratación en tanto non se dispoña nada ao respecto por estar concellería ou a relación de postos de traballo.

Cuarto: Ordear o traslado de dona M^a Inmaculada Pérez Fernández ás dependencias da secretaría xeral deste concello a partir do próximo 19 de agosto de 2013. Entretanto seguirá a desempeñar as súas funcións no departamento de contratación e baixo as instrucións da responsable do departamento.

Quinto: Ordear o traslado de dona Josefa Miguez Boquete ao despacho baleiro situado nas dependencias do rexistro xeral da casa consistorial dende onde realizará as funcións do seu posto de traballo.

Sexto: Aprobar unha gratificación de 150 € mensuais a favor de dona M^a Fernanda Montero Carré a consecuencia das novas atribucións que lle foron conferidas mediante a devandita resolución de 19 de agosto de 2013.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Séptimo: Notificar esta providencia aos traballadores afectados, á xunta de personal e a os xefes das áreas de réxime interior e urbanismo e da secretaría municipal'.

Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocio Vila Díaz informa que ao longo desta mañá se remitirá ao departamento de contratación o informe respecto das alegacións no expediente para a imposición de penalidades por demora na execución do contrato para a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Tamén informa que nos paneis publicitarios aparece publicado o Real Decreto 233/2013, Plan estatal de fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016.

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que solicitaron varias subvencións con prazo de xustificación próximo a vencer, concretamente os días 30 de setembro e 15 de novembro, polo que sería conveniente coñecer canto antes se serán concedidas e cal será o importe. Engade que xa solicitou ao departamento de intervención as retencións de crédito oportunas para proceder, no seu caso, a preparar as modificacións de crédito necesarias.

Para rematar a súa intervención, don Manuel Marante Gómez informa respecto da substitución dos auxiliares administrativos e di que o xefe da área de urbanismo e réxime interior xa asinou o correspondente informe, en sentido favorable.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que o pasado día 3 de agosto tivo lugar o "XXII festival Rock in Cambre", con gran éxito de público.

A continuación, informa que o martes día 6 de agosto, ás 20,30 horas na fundación Wenceslao Fernández Flórez e con motivo da celebración do 70 aniversario da publicación da novela "O Bosque Animado", actuará nos xardíns de Villa Florentina a Orquestra Sinfónica de Melide, dirixida por Fernando V.Arias.

A seguir, tamén informa que o vindeiro día 9 de agosto, dende as 20.00 horas no auditorio do Parque da Igrexa, en Cambre, actuará Novo Circo, Cía Culturactiva, dentro do programa de rede cultural da deputación provincial da Coruña. Representará a obra "circo na rúa".

Para finalizar a súa intervención, don Santiago Manuel Rios Rama informa respecto da concentración de vespas que tivo lugar o pasado día 3 de agosto dende as 11.00 da mañá.

Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que os vindeiros días 10 e 11 de agosto terá lugar o II torneo 3x3 baloncesto Cambre, nas pistas exteriores do Temple e organizado polo Club Baloncesto Cambre.

A continuación tamén informa que os convenios de ciclismo e fútbol xa se pagaron con data do día 31 de xullo.

A seguir, informa que xa se presentou a documentación xustificativa da obra "Construción de vestiarios e obras auxiliares no campo municipal de fútbol de Lendoiro-A Barcala (Cambre)".

Don Fernando Caride Suárez informa que esta semana se realizará a inauguración oficial dos locais de ensaio.

Igualmente, informa que hoxe pola mañá, os voluntarios entregaron a doce familias os primeiros produtos da horta solidaria.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e corenta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente



Manuel Rivas Caridad

A secretaria



Verónica María Otero López